



Grupo Municipal  
RIBEIRA

**ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS**, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa extremada urxencia do arranxo da rúa do Outeiro en Carreira.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A rúa que discorre polo lugar do Outeiro en Carreira, fai case un ano que se atopa cunha enorme fochanca de dimensións considerables, froito dunha rotura de tubaría do saneamento ó intentar soterrar o cableado eléctrico.

A veciñanza do lugar demandou en numerosas ocasións a este Goberno Municipal que se arranxara a situación porque os estaba a prexudicar enormemente e por parte deste Concello, como na maior parte das ocasións mírase para o lado facendo caso omiso das demandas destas xentes.

Como ben se dixo antes, o socavón que alí hai é de considerables dimensións, o que supón un risco para os vehículos que circulan, para os paseantes que percorren a rúa, e como non para os/as veciños/as do lugar que alí residen. Estase a falar de case un ano convivindo con este estorbo, e neste tempo o único que fixo o Concello foi colocar unhas chapas de ferro sobre os buratos, unhas placas que cada vez que pasa un vehículo por enriba delas emiten un enxordecedor ruído que impide conciliar o sono ás xentes dos arredores, moitos deles maiores e enfermos.

A este problema súmase o dos numerosos atascos que se están a provocar na rede de sumidoiros, o que leva a ter que soportar uns cheiros constantes e a diario por parte dos residentes e viandantes.

Este Concello debería de asumir ese arranxo, correspóndalle a Fenosa ou a Aguagest, e logo saldar as contas con quen sexa responsable, e non agardar como sempre a que poida acontecer calquera situación non desexada e que logo teñamos que lamentala.

Dende o BNG, e chamados en varias ocasións por estes/as veciños/as, queremos sumarnos a eles denunciando esta situación e lembrándolle a este grupo Municipal do PP que está ocupando ese lugar de Goberno para resolverlles os problemas ós cidadáns e para facer as súas vidas máis levadeiras, e non o contrario como esta a facer a cotío.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte:

### SOLICITUDE

**Que por parte do Goberno Municipal coa máxima urxencia posible proceda ó arranxo da devandita rúa.**

Ribeira, 02 de xuño de 2008

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**